



**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ria de Muros e Noia. Municipio: Muros. Parroquias: Santiago de Louro e San Pedro de Muros nunha pequena área ao norte. Extensión: 2,64 km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Esta unidade presenta unha clara disimetría en canto á súa morfloxía. Ao oeste preséntase unha ampla chaira litoral, conformada sobre materiais metamórficos e unha ampla zona de detritos do Cuaternario. Ao leste, a partir do curso do arroio da Horta, erixense potentes ladeiras de elevacións montañosas graníticas, co seu típico cumio campaniforme. Inclúe o EIX Relevo granítico de Monte Louro e complexo sedimentario costeiro da Lagoa das Xarfas.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Gran parte da unidade atópase dentro do Dominio herciniano. A trazos xerais, un granito de dúas micas de gran medio a grosso con orientación por deformación, Tipo Barbanza, domina na parte occidental, e un granito de dúas micas de gran fino a medio, Tipo Muros na oriental. Non obstante, na localidade de San Francisco, e ladeira arriba, volve aparecer a primeira das dúas especies rochosas. Nas Cavaixas, Agro do Xas e a parte oriental da localidade de Louro, aparecen enclaves de xistos con niveis de cuarzitas, en orientación NO. -SE., que pertencen ao Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas, Grupo de Laxe, de idade precámbrico-silúrica. O Cuaternario vén representado polos depósitos areosos das praias da fronte costeira e polos indicios pleistocénicos existentes tras a praia de Fogateira.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Húmido caracterizado por valores medios de temperatura superiores a 14° C ao ano e precipitación media anual acumulada entre 1200 mm e 1400 mm. A oscilación térmica varía entre 12,5°C e 13,5°C. Incremento das precipitacións no cume do Monte Ouroso o que define un ambiente climático Moi Húmido con valores entre 1400 mm e 1600 mm ao ano.

#### OS SOLOS

Os sectores de menor desnivel na franxa costeira teñen os solos máis desenvolvidos fundamentalmente do tipo cambisol dístrico aos que hai que engadir os arenosoles álbicos da praia de San Francisco. Cara ao interior, o val caracterízase polo incremento progresivo das pendentes e con el un empobrecemento dos solos que pasan a ter escaso espesor destacando pola súa extensión os umbrisoles dístricos e regosoles. Onde aflora o substrato granítico, montes Meán e Ouroso, tan só se forman leptosoles líticos.


#### AS AUGAS

A Enseada de San Francisco, incluída xa nas Augas Costeiras da Ría de Muros e Noia (20174), presenta unha hidrografía na que os arrosos principais que desembocan na praia de San Francisco son os elementos principais. Destaca neste sentido o arroio da Horta, situado nas proximidades do núcleo de poboación.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Trátase dunha unidade mixta que combina areas de certa importancia con acantilados baixos, plataformas rochosas e praias de coios. Nestes últimos tramos aparecen os hábitats 1230, de acantilados mariños atlánticos e potencialmente o 1210, de vexetación anual sobre refugalllos mariños acumulados. O interior está bastante transformado, existindo só algunhas masas mixtas que conteñen especies ripícolas e outras frondosas, nas valgadas que baixan dos montes Meán e Oroso. Algúns pequenos rodais de recolonización aparecen na chaira costeira, mentres nas ladeiras e cumes destacan os ambientes do grupo 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica e os de matogueira, principalmente a breixeira seca europea (4030) e, nas valgadas a breixeira húmida de Erica ciliaris e Erica tetralix (4020). Precisamente é nalgúns chanzos de valgada, onde algunhas zonas con certa hidromorfía aglutinan este hábitat que podería permitir tamén áreas turfófilas do grupo 71, "Turbeiras ácidas de esfagnos".

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

O uso predominante desta unidade é o turístico. O núcleo de San Francisco proxéctase polo bordo litoral, arredor da praia que leva o seu mesmo nome, presentando un notable desenvolvemento do sector servizos vinculado ao turismo (cámping, restaurantes, tendas, bares, etc.). O mesmo acontece co núcleo de Louro, historicamente as súas xentes dedicábanse a traballar no mar ou ás actividades agrarias, pero o forte apoxeo turístico, produciu unha reconversión do motor económico da vila. Os usos agrarios quedan relegados á zona oeste da unidade, próxima ao Monte Louro, onde aínda prevalecen algunhas parcelas de cultivo.

#### MORFOLOXÍA

Nun primeiro plano, esténdese dende o lugar dos Barcos ata Punta da Rouxa, o asentamento espontáneo de San Francisco. Trátase dun núcleo de nova creación cunha morfloxía de tipo lineal apoiado en AC-550 e caracterizado pola súa expansión sobre a fachada litoral. En canto á súa tipoloxía, é composta por complexos residenciais, bloques de edificios e vivendas unifamiliares encamiñados cara ao sector turístico, sobre todo estival. Nun segundo termo atopámonos co núcleo urbano de Louro, asentado na chaira continental, no límite de dúas unidades. Trátase dun asentamento radial concentrado, caracterizado por un gran crecemento espacial e por construcións que aínda conservan o modelo tradicional. Non podemos dicir o mesmo da súa periferia, cun desenvolvemento que se estende cara á fachada litoral dunha forma dispersa sen estrutura aparente. A súa tipoloxía confórmasse de vivendas unifamiliares illadas.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A unidade presenta tres vías principais, a AC-550, que entra na unidade pola zona sur do núcleo de Louro, chega ata a praia de San Francisco e de aí, segue paralela e a moi pouca distancia da costa ata saír polo límite oeste. Dende o centro de Louro parte a C-5303, unha vía interior, paralela á AC-550, pero moito máis sinuosa que segue a súa mesma dirección. Por último, parte da AC-550 unha estrada asfaltada que transita pola chaira continental e comunica o núcleo de Louro coa vertente oriental do Monte que leva o seu mesmo nome. Estas tres vías son as que articulan a nutrida rede viaria, composta por estradas que organizan o parcelario urbano e periurbano existente e dan acceso á costa.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

O patrimonio existente na unidade está repartido por todo o seu territorio. Existe multitude de elementos arqueolóxicos distribuídos por todo o ámbito, o máis destacado é o Petroglifo da Laxa das Rodas, probablemente é o máis importante de Galicia (1500 A.C). En canto ao patrimonio cultural vinculado co mar, podémos atopar con varias fábricas de salgadeira situadas na Praia de San Francisco e Fogateira. Na marxe do arroio Horta, nun fermoso val atópase situado o Convento de San Francisco de Louro, foi fundado en 1223 como cemiterio, pero pasou a ser convento en 1432. Dende a entrada ao convento, case unido ao cemiterio, comeza un Vía Crucis construído en 1877 para conmemorar a recuperación do convento polos Franciscanos. Na actualidade funciona como un Hostal. O resto do patrimonio que se conserva na unidade componse de hórreos, cruceiros e casas tradicionais. Entre as festas máis destacadas están a do Carme (patroa dos mariñeiros) e a da Madalena (patroa de Louro).

**O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL**

O carácter mariñeiro e agrario que antano presentaba a unidade foise reconvertendo cara ao sector turístico de época estival. Na actualidade a paisaxe da unidade está fortemente antropizada, cunha pegada clara das actividades urbanas no territorio. O seu relevo, na zona norte, está constituído por unha serie de formacións montañosas que configuran unha pequena serra con vertentes que chegan á fachada litoral. Aos pés do Monte Orouso esténdese un val formado polo Arroio Horta, e a continuación unha ampla chaira litoral que chega ata o Monte Louro, onde se concentra, xunto á liña costeira, a maior parte do desenvolvemento urbano, apoiado nas infraestruturas de transporte que atravesan a unidade de oeste a leste. A franxa litoral é formada, case na súa totalidade, polas praias de Bouga, San Francisco e Fogateira.

**DINÁMICA DA PAISAXE**


**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

**3. AVALIACIÓN**

**VALORACIÓN DA PAISAXE**

En liñas xerais a paisaxe da unidade sufriu alteracións que afectan a súa organización tradicional. O intenso proceso urbanizador baseado en criterios de desenvolvemento turístico produciu a transformación dun territorio tradicionalmente agrícola e mariñeiro nunha paisaxe urbana. Destaca positivamente a súa situación xeográfica, xa que está situada nun territorio de gran beleza e diversidade natural, con fermosas praias e baixo a presenza que supón a proximidade do Monte Louro. A liña litoral presenta unha ampla intervisibilidade dende a fachada oposta. Un bo punto de observación da unidade é o Monte Orouso, dende onde podemos gozar tamén de visuais de toda a costa da Ría de Muros. Destaca o de Enseada de San Francisco



#### 4. PLANIFICACIÓN

##### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ACCÍONS





A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Fachada fluvio-litoral do núcleo de San Francisco, ao longo da estrada AC-550, co obxectivo de ordenar os usos do solo e evitar a implantación de vivendas unifamiliares e usos turísticos na fronte costeira e na chaira fluvial desvinculadas dos núcleos fundacionais e sen funcións urbanas que xeren un continuo construído que impida a contemplación do horizonte litoral. Mellorar tanto no que se refire ás súas características ambientais como ás relativas á harmonía e calidade da paisaxe.

#### Lenda / Leyenda

##### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales                               |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

##### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

##### Hidrografía / Hidrografía

##### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





##### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

##### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












##### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

##### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

##### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

##### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



